

PROPOSTA DE URXENCIA STOP DESPEZAMENTO DE CORREOS CO PLAN ESTRATEXICO POLA SALVAGARDA DO SERVIZO PUBLICO POSTAL

A desastrosa política de incremento desmesurado de tarifas para desincentivar a utilización do servizo público postal e a vacua aposta por unha diversificación que é en realidade unha desfeita postal, que leva a empresa pública Correos a unha situación crítica, agravada pola constante caída da partida dos presupostos xerais do Estado para o servizo público universal postal até os 110 millóns de euros para 2022, un 50% menos da cantidade acordada por UGT e CCOO co Ministerio en 2018.

O Presidente de Correos pensa que os produtos postais básicos (cartas, paquetería, cartas certificadas, notificacións e correspondencia internacional) necesarios para a cidadanía a prezos accesibles nas áreas urbanas e rurais, deben deixar de conformar o dereito dun servizo público postal, e poñerse a disposición do negocio e do mercado.

O deterioro intencionado da calidade do Servizo público postal provocado polos continuos recortes e a caótica xestión é tan evidente que se suceden as mocións e resolución de apoio de deputacións e concellos, moitos socialistas, en toda a xeografía estatal.

A nefasta e caótica xestión se acompaña de recortes de persoal, e medidas que motivan continuas demandas e actos de protesta. UGT conxuntamente con CCOO tiñamos convocada unha folga os días 5, 7 e 12 de xaneiro ante o intento de imposición dun novo modelo de cartería, e acadouse o anuncio de marcha atrás da Presidencia de Correos con dita medida, polo que se notificaron paros ata o 1 de xuño, posto que temos dúbidas de que volten a intentalo.

En Santiago, no Centro de tratamento automatizado, o igual que xa sucedeu en algún outro CTA, asistimos tamén o intento de suprimir o dereito o autobús do turno nocturno de Santiago a Lavacolla, 15 kms, un dereito adquirido hai 20 anos xa que non hai transporte público nocturno e fora un traslado forzoso en 1998. Mentres o “progresista” Serrano gasta millonadas en publicidade para lavar a súa imaxe, constrúese un despacho faraónico en Madrid (custo máis dun millón de euros poñelo ao seu gusto) ou compra avións ou os pinta (a súa última ocorrencia) sen saber moi ben para que, ou cede parte do espazo do CTA de Santiago de Compostela a Correos Express para que este operador preste a súa actividade.

UGT conxuntamente con CCOO levamos un largo período de mobilizacións e denuncias das sucesivas medidas de descapitalización de Correos, de linchamento de profesionais que non fan seguidismo das políticas de despezo postal, de derroche millonario en consultorías, e de propagandas vergoñentas.

O Sector Postal de UGT Servizos Públicos ten como prioridade para o ano 2022 salvagardar o Servizo Postal Público que se está vendo seriamente ameazado e combater o desmantelamento da estrutura produtiva que se está producindo e que está a afectar non só á capacidade de negociación e aos dereitos das empregadas e empregados de Correos senón ao propio futuro do marco de Negociación Colectiva vinculado agora a un modelo de empresa pública, e a perda do dereito da cidadanía a un servizo postal básico e accesible viva na cidade o no rural.

O Comité nacional de UGT Servizos Públicos de Galicia manifesta o seu apoio á defensa do servizo publico postal e dos dereitos do seu persoal e ás mobilizacións que sexan precisas para que o Goberno deixe de mirar para outro lado e poña fin ao despezo de Correos.